

□

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL REALIZADA O DÍA 2 DE SETEMBRO DO 2013.

=====
=

No Concello de Cangas, cando son as trece horas e trinta e un minutos do día dous de setembro do dous mil trece, previa convocatoria, reúnen os/as seguintes concelleiros/as: D^a Berta Pérez Hernández, D. Bernardino Faro Lagoa, D. Rafael Soliño Costas, D. Pío Millán Blanco, D^a Dolores Gallego Santos, D^a M^a Lucía Ledo Fernández, SUPLENTE: D^a M^a Luisa Prieto Rial, baixo a presidencia do Sr. alcalde, Jose Enrique Sotelo Villar, asistidos por min a secretaria Acctal., D^a María Rodríguez Gómez, coa finalidade de realizar sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, convocada para o día de hoxe, en primeira convocatoria.

Non asiste á sesión o concelleiro D. José Luis Gestido Porto.

Pola presidencia declarouse aberta a sesión, pasándose a tratar os seguintes puntos da orde do día:

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES REALIZADAS EN DATAS 5, 12 E 19 DE AGOSTO DO 2013.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acordou, aprobar os borradores das actas das sesións anteriores da Xunta de Goberno Local, realizadas en datas 5, 12 e 19 de agosto do 2013.

SERVIZOS E INFRAESTRUTURAS

2º.- SOLICITUDES VARIAS DE OCUPACIÓN DE VÍA PÚBLICA.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, e por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda deixar sobre a mesa o presente asunto para mellor estudo.

3º.- PROPOSTA DO CONCELLEIRO DE SERVIZOS S/TRASLADO DE CABINA TELEFÓNICA EN ZONA DO PEIRAO DE CANGAS.

Dase conta de proposta de data 21.8.13 do concelleiro de Servizos, referente a traslado de cabina telefónica do Peirao de Cangas, que é como segue:

"D. BERNARDINO FARO LAGOA, CONCELEIRO DE SERVIZOS DO CONCELLO DE CANGAS, REALIZA A SEGUINTE PROPOSTA PARA A SÚA APROBACIÓN POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL:

** Que se solicite á empresa "TELEFÓNICA", o cambio urxente para a zona anexa, da cabina telefónica que ten instalada na zona de acceso ó Peirao de Cangas, entre o Paseo e a cafetería da Estación de autobuses, nunha curva onde apenas hai visibilidade, por estar o carril bici e a citada cabina ocupando a maioría de espazo, non deixando apenas sitio para os viandantes, co conseguente perigo de atropelo ou de caídas hacia a escala marítima alí existentes."*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, e por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda trasladar a presente solicitude de traslado da cabina en cuestión á entidade Portos de Galicia, xunto coa proposta da nova situación.

URBANISMO E VIVENDA

4º.- INFORME PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DE DATA 29 DE AGOSTO DO 2013, DA XEFA DE URBANISMO S/OUTORGAMENTO DE LICENZAS DE OBRAS E DE APERTURAS DE ESTABLECEMENTOS. RATIFICACIÓN DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA S/CONCESIÓN DE LICENZAS DE OBRA MENOR.

4.A) APROBA-LOS SEGUINTE EXPEDIENTES DE OBRAS:

4.A.1) LICENZA DE OBRAS MAIORES.- Examinados os expedientes de obras tramitados a instancia de parte, e tralos informes técnicos e xurídicos a eles incorporados, a Xunta de Goberno Local acordou o seguinte: outorga-las seguintes licenzas urbanísticas, deixando a salvo o dereito de propiedade e os de terceiros. O acto de edificación ou uso do solo realizarase de conformidade coa documentación presentada, ás condicións particulares e ás seguintes condicións xerais:

1ª.- Os efectos das licenzas que se conceden, son puramente urbanísticos, a reserva e con absoluta independencia da obriga inescusable que recae nos seus titulares de obter, de se-lo caso, as preceptivas autorizacións dos outros organismos con competencias concorrentes nesta cuestión (Xefatura Provincial de Estradas, Deputación Provincial, Autoridade Portuaria de Vigo, Xefatura de Costas de Pontevedra, Comisión Provincial de Patrimonio Histórico-Artístico, etc.).

2ª.- Advírteselle ó/a interesado/a que esta licenza carece de validez en tanto o técnico aparelador municipal non efectúe a operación de "tira de cordas", polo que o/a interesado/a deberá solicitar que esta se leve a cabo antes de comeza-las obras.

3ª.- Deberá presentar no concello tres informes por escrito do estado das obras e da súa adecuación ó proxecto e á licenza municipal na que se amparan, nas seguintes fases da obra:

- a) Cando as fábricas, tanto interiores como exteriores, estean iniciadas sobre o rasado da cimentación.
- b) Cando estea rematada a estrutura do teito correspondente á altura total da edificación.
- c) Cando estea finalizada a obra.

4ª.- Antes do inicio das obras deberá colocarse un valado de protección, que non poderá impedi-lo tránsito público para o que deberá obter, previamente, licenza municipal. O valado deberá acomodarse ás prescricións de seguridade do persoal empregado nas obras e para as persoas que transiten pola vía pública.

ILMO. CONCELLO DE CANGAS

(Pontevedra)

5ª.- Deberá colocarse un cartel de dimensións mínimas de 1,70 x 0,84 metros, onde figure o número e data da licenza, número de andares e nomes do promotor, arquitecto, aparelador e constructor. O titular da licenza adoptará tódalas medidas de seguridade previstas na normativa vixente.

6ª.- Deberá ter, na obra, a licenza e o proxecto selado polo concello a disposición dos funcionarios municipais.

7ª.- De conformidade co disposto no artigo 35 do RDL 1/92 do 26 de xuño, os prazos de iniciación, interrupción máxima e remate das obras, fíxanse en:

a) Iniciación: dentro dos doce meses seguintes ó outorgamento da licenza.

b) Interrupción máxima: seis meses, debendo comunicárselle ó concello. Indícase que, con carácter excepcional e por só unha vez, outorgarase prórroga cando se xustifique que a interrupción obedeceu a motivos de forza maior.

c) Remate das obras: dentro dos trinta e seis meses seguintes ó outorgamento da licenza.

8ª.- A edificación non poderá ser ocupada en ningún dos seus andares ata que as obras estean completamente rematadas, nese momento solicitaráselle ó concello a preceptiva licenza de primeira ocupación, achegando certificado de final de obra asinado polos directores desta e visado polos colexios correspondentes. En dito certificado especificarase que as obras se axustan ás condicións da licenza municipal e, así mesmo, achegarase documento acreditativo de que a obra foi dada de alta para os efectos do imposto sobre bens inmóbeis e escritura de división horizontal ou de declaración de obra nova, segundo os casos.

9ª.- O comezo da obra e a efectividade da licenza estará condicionada, en todo caso, á presentación no concello de un exemplar do proxecto de execución.

10ª.- Cando nas proximidades das obras que se autorizan existan instalacións de redes de servizos públicos que poidan resultar afectadas pola realización das obras, o titular da licenza daralle conta diso ó concello e estará obrigado a repoñer, ó seu estado anterior, os desperfectos que puidesen ocasionarse, ou sufraga-los gastos. Suspenderase a efectividade da licenza concedida mentres non se cumpra a obriga citada.

11ª.- Toda variación que se produza no proxecto presentado, así como, na dirección técnica ou empresa constructora, deberáselle comunicar ó concello para a súa conformidade.

12ª.- Antes de comeza-la construción a que fai referencia esta licenza, o promotor das obras deberá instalar no límite da parcela contiguo ó camiño que dá fronte, un foxo de formigón protexido cunha reixa co único fin de limpia-las rodas dos vehículos que se empreguen na obra, especialmente en épocas de choiva, co obxecto de evita-la perda de area nos viais de comunicación co conseguinte risco para a circulación rodada.

* Calquera dos incumprimentos do condicionado suporá a SUSPENSIÓN INMEDIATA das obras, de conformidade co indicado no art. 209.1 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

EXPEDIENTE Nº 24.261. A José Luis Exposito Álvarez, con enderezo en Martínez Garrido 77 7o C Vigo, para en Igresario 67 O Hío, legalizar a substitución da cuberta en 87,21 m2 e construír un cerco de 35,79 metros, de conformidade co proxecto de 22 de xuño do 2012.

Acéptaselle a cesión gratuíta de terreo para o vieiro, de data 15 de xaneiro do 2012.

4.A.2) INFORMACIÓN URBANÍSTICA DOS SEGUINTES EXPEDIENTES DE OBRAS:

EXPEDIENTE S/N. A CONSELLERIA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUCTURAS, con enderezo en Fernández Ladreda 431º Pontevedra, facilítaselle a seguinte información urbanística en relación coa solicitude formulada por Beatriz Herbelo Millan, Ref. Expte. AP02013/I40, para cerco en Menguíña Aldán: "O Concello de Cangas conta con Normas Subsidiarias de Planeamento aprobadas definitivamente por acordo da Comisión Provincial de Urbanismo de data 7 de outubro de 1994. A parcela sinalada na documentación gráfica aportada presenta a seguinte ordenación urbanística de acordo co disposto nas vixentes Normas Subsidiarias de Planeamento do Concello de Cangas. Clasificación urbanística do solo. solo rústico. Cualificación urbanística do solo. solo non urbanizable de protección de costas.

Os usos permitidos son os regulados pola lexislación sectorial de costas para a servidume de protección do dominio público marítimo terrestre.

0 cerco solicitado cumpre coas determinacións urbanísticas establecidas ó respecto nas Normas Subsidiarias de Planeamento Municipal: epígrafe 2.12 das Normas Urbanísticas 1."

EXPEDIENTE S/N. A CONSELLERIA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUCTURAS, con enderezo en Fernández Ladreda 43 Iº Pontevedra, facilítaselle a seguinte información urbanística en relación coa solicitude formulada por Beatriz Herbelo Millán, Ref. Expte. AP02013/139, para cerco con rexa metálica en Castiñeirass Pinténs O Hio:

"0 Concello de Cangas conta con Normas Subsidiarias de Planeamento aprobadas definitivamente por acordo da Comisión Provincial de Urbanismo de data 7 de outubro de 1994. A parcela sinalada na documentación gráfica aportada presenta a seguinte ordenación urbanística de acordo co disposto nas vixentes Normas Subsidiarias de Planeamento do Concello de Cangas:

Clasificación urbanística do solo: solo rústico.

- Cualificación urbanística do solo: solo non urbanizable de protección de costas.

Os usos permitidos son os regulados pola lexislación sectorial de costas para a servidume de protección do dominio público marítimo terrestre."

4.B) LICENZA DE OBRAS MENORES.

Examinados os expedientes de obras tramitados a instancia de parte, e vistos, así mesmo, os informes técnicos e administrativos incorporados, a Alcaldía acordou, outorga-las seguintes licenzas de

ILMO. CONCELLO DE CANGAS

(Pontevedra)

obras, deixando a salvo o dereito da propiedade, os de terceiros e os do común, de conformidade coa documentación presentada, sempre que esta se adapte ó condicionado que se establece en cada autorización e ás seguintes condicións xerais:

1ª.- Os efectos das licenzas que se conceden, son puramente urbanísticos, a reserva e con absoluta independencia da obriga inexcusable que recae nos seus titulares, de obter, no seu caso, as preceptivas autorizacións por parte dos outros organismos estatais, con competencias concorrentes nesta cuestión (Xefatura Provincial de Estradas, Deputación Provincial, Obras do Porto de Vigo, Pontevedra, A Coruña, etc.).

2ª.- Advírtese ó interesado ou interesada que esta licenza carece de validez en tanto non se efectúe a operación de "tira de cordas" pola comisión de obras e técnico/a aparelador/a municipal, efecto para o cal deberá solicita-lo interesado/a que se leve a cabo esta antes de comeza-las obras.

3ª.- Deberá ter na obra a licenza e o deseño selado polo concello a disposición dos funcionarios/as municipais.

4ª.- De conformidade co disposto no artigo 197.1 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, os prazos de iniciación, interrupción máxima e remate das obras, fíxanse en:

a) Iniciación dentro dos doce meses seguintes ó outorgamento da licenza.

b) Interrupción máxima de seis meses, debendo comunicar ó concello e advertíndose con carácter excepcional e por unha soa vez, outorgarase prórroga cando se xustifique que a interrupción obedeceu a motivos de forza maior.

c) Remate das obras dentro dos trinta e seis meses seguintes ó outorgamento da licenza.

5ª.- As características constructivas dos cerramentos deben seren as que sinale a ordenanza respectiva segundo a cualificación urbanística do solo, e que se especifican na documentación das vixentes normas que leva por título "Normas Urbanísticas I".

EXPEDIENTE N° 24.304. A José Pousada Fernández, con enderezo en Ourelo 31 Darbo, para en Piñeiro 40 Darbo, limpar e encintar a fachada de pedra, de conformidade coa documentación presentada. De acordo co establecido no art. 103 da Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galiza, trátase dunha licenza que se concede a unha edificación á que se aplica o réxime de fóra de ordenación, tratándose de obras necesarias para o mantemento do uso preexistente e dando traslado deste acordo ó Rexistro da Propiedade para efectos da súa constancia, das limitacións e condicións especiais na concesión de licenzas en edificacións fóra de ordenación.

EXPEDIENTE N° 24. 643.- A Carlos Martínez Pastoriza, con enderezo en Longán 63Coiro, para no referido lugar, forrar o muro existente, de conformidade coa documentación presentada.

EXPEDIENTE N2 24.662. A María del Carmen Germade Pastoriza, con enderezo en Rosada 11 Coiro, para no referido lugar reconstruír parcialmente un cerco de 20,10 metros, de conformidade coa documentación presentada.

Acéptaselle a cesión gratuíta de terreo efectuada con data 5 de agosto do 2013.

EXPEDIENTE N° 24.663. A GAS GALICIA S.D.G. S.A. con enderezo en Trav. de Vigo 204 Vigo, para en Reboredo 9 Coiro, executar unha canalización de 1,00 metros, para gas natural de conformidade coa documentación presentada e coas seguintes condicións:

As obras non se podrán realizar no periodo do verano, comprendido entre o 15 de xullo o 15 de setembro. Non se permiten reposicións parciais.

Debe repoñer a totalidade dos servicios e infraestructuras afectadas.

Por razóns de seguridade e na medida do posibel, non se permiten canalizacións sobre a calzada, debéndose emprazar nas zonas destinadas a beirarrúas.

Debe presentar un aval por importe de 300,00 euros para responder das obras de reposición da vía pública. No caso de que o Concello teña que facer obras no dominio público do sistema viario e resulte afectada esta obra, será por conta de Gas Galicia o traslado, adaptación, reposición ou calquera outra actuación que resulte necesaria, sen que iso supoña dereito a ningún tipo de indemnización.

EXPEDIENTE N2 24.665. A José Antonio Garcia González, con enderezo en Trav. Atranco 13 Cangas, para no referido lugar, suplementar un cerco existente en 24,21 metros, de conformidade coa documentación presentada.

EXPEDIENTE N° 24.669. A Rufino Pórtela Rodríguez, con enderezo en Xielas 19 Coiro, para no referido lugar, cambiar a tella da cuberta en 124,80 m², de conformidade coa documentación presentada e autorización da Deputación provincial en escrito de data 24 de xullo do 2013. De acordo co establecido no art. 103 da Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galiza, trátase dunha licenza que se concede a unha edificación á que se aplica o réxime de fóra de ordenación, tratándose de obras necesarias para o mantemento do uso preexistente e dando traslado deste acordo ó Rexistro da Propiedade para efectos da súa constancia, das limitacións e condicións especiais na concesión de licenzas en edificacións fóra de ordenación.

EXPEDIENTE N° 24.671. A Rubén Pórtela Núñez, con enderezo en Santa Pola 25 Darbo, para no referido lugar, conservar a cuberta en 178,25 m², de conformidade coa documentación presentada. De acordo co establecido no art. 103 da Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galiza, trátase dunha licenza que se concede a unha edificación á que se aplica o réxime de fóra de ordenación, tratándose de obras necesarias para o mantemento do uso preexistente e dando traslado deste acordo ó Rexistro da Propiedade para efectos da súa constancia, das limitacións e condicións especiais na concesión de licenzas en edificacións fóra de ordenación.

ILMO. CONCELLO DE CANGAS
(Pontevedra)

EXPEDIENTE N° 24.678. A Josefa Graña Santos, con enderezo en Félix Ozamiz 60Cangas, para no referido lugar, cambiar a tella da cuberta nunha superficie de 84,00 m², de conformidade coa documentación presentada. De acordo co establecido no art. 103 da Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galiza, trátase dunha licenza que se concede a unha edificación á que se aplica o réxime de fóra de ordenación, tratándose de obras necesarias para o mantemento do uso preexistente e dando traslado deste acordo ó Rexistro da Propiedade para efectos da súa constancia, das limitacións e condicións especiais na concesión de licenzas en edificacións fóra de ordenación.

EXPEDIENTE N° 24.686. A Josefa Aguila Rios, con enderezo en A Rocha 8Darbo, para no referido lugar, reparar a cuberta en 69,80 m², de conformidade coa documentación presentada. De acordo co establecido no art. 103 da Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galiza, trátase dunha licenza que se concede a unha edificación á que se aplica o réxime de fóra de ordenación, tratándose de obras necesarias para o mantemento do uso preexistente e dando traslado deste acordo ó Rexistro da Propiedade para efectos da súa constancia, das limitacións e condicións especiais na concesión de licenzas en edificacións fora de ordenación.

EXPEDIENTE N° 24.688 e 1.670. A COMERCIAL BASTOS S.L., con enderezo en Balaidos 59Vigo, para na Avda. de Vigo esquina Maria Soliño, acondicionar interiormente un local para comercio de material de construción de 303,00 m², de conformidade co proxecto de xullo de 2013

Non se poderá començar a actividade mentres non se efectúe polo Técnico Municipal e Xefe Local de Sanidade a correspondente comprobación.

Advírtese que a licenza outorgada é de tracto continuo polo que en caso de sobreveniencia de novos factores obxectivos non previsibles na tramitación desta autorización, ou no caso de incumprimento ou non funcionamento das medidas correctoras aplicadas ou previstas no proxecto presentado, procederase á revisala licencia outorgada e inclusive a súa revogación no caso de que non fora posible restablecela seguridade ou tranquilidade esixible. Esta revogación non conlevará para o Concello a carga de indemnización ningunha.

EXPEDIENTE N° 24.689. Juan Bermúdez Herbello, con enderezo en Choupana 23Cangas, para no referido lugar, cambiar o material de cubrición en 153,50 m², de conformidade coa documentación presentada. De acordo co establecido no art. 103 da Lei

9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galiza, trátase dunha licenza que se concede a unha edificación á que se aplica o réxime de fóra de ordenación, tratándose de obras necesarias para o mantemento do uso preexistente e dando traslado deste acordo ó Rexistro da Propiedade para efectos da súa constancia, das limitacións e condicións especiais na concesión de licenzas en edificacións fóra de ordenación.

Incidencias: no tratamento do expediente nº 24.689 auséntase do salón de sesións o concelleiro, Sr. Soliño Costas.

EXPEDIENTE Nº 24.691. A Serafín Bermúdez Docampo, con enderezo en Espiñeira 37 Aldán, para no referido lugar, limpar o tellado e reparación de canalón, de conformidade coa documentación presentada. De acordo co establecido no art. 103 da Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galiza, trátase dunha licenza que se concede a unha edificación á que se aplica o réxime de fóra de ordenación, tratándose de obras necesarias para, o mantemento do uso preexistente e dando traslado deste acordo ó Rexistro da Propiedade para efectos da súa constancia, das limitacións e condicións especiais na concesión de licenzas en edificacións fóra de ordenación.

EXPEDIENTE Nº 24.696. A Carmen Fernández Fernández, con enderezo na Avda. de Lugo 20 4º DCangas, para en Parada-Coiro, construír un cerco de 61,31 metros, de conformidade coa documentación presentada.

EXPEDIENTE Nº 24.505 . O tramitado a instancia de Pablo Bea Pazos, con enderezo en Real 58 ático Cangas, para en Real 58 baixo Cangas, realizar as seguintes obras menores: 18,90 m2 de colocacion de tabique de plador, 38,64 m2 de demolición de tabiques, 7,45 m2 de ampliación de barra e colocacion dunha porta interior, de conformidade coa documentación presentada, foi deixado sobre a mesa, pendente de mellor estudo.

4.B.1) RATIFICACIÓN DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA S/CONCESIÓNS DE LICENZAS DE OBRA MENOR.

4.B.2.1) DAR CONTA DE RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA REFERENTE A SOLICITUDE DE Mª DEL CARMEN MOREIRA PEREIRA S/AUTORIZACIÓN DE LICENZA DE OBRA MENOR.

Dase conta de Resolución da Alcaldía de data 21.8.13, referente a concesión de autorización a Mª del Carmen Moreira Pereira, para a realización de obra menor, que é como segue:

"RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Examinada a solicitude presentada en data 20.8.13 por MARÍA DEL CARMEN MOREIRA PEREIRA, con DNI 36.074.163-C, e con enderezo en Rúa A Gándara, nº 73-Moaña, na que demanda autorización municipal para proceder ó pintado de fachada de vivenda de edificio sito na Avda. de Ourense, nº 65-1º der./ esq.-Coiro.

Con base nas atribucións que teño conferidas, de conformidade coa vixente lexislación e visto o informe favorable emitido ó respecto en data 21.8.13 polo arquitecto municipal,

ILMO. CONCELLO DE CANGAS
(Pontevedra)

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Conceder autorización municipal a *MARÍA DEL CARMEN MOREIRA PEREIRA*, para en vivenda sita en edificio da Avda. de Ourense, nº 65-1º dereita e esquerda-Coiro, proceder ó pintado exterior da fachada nunha superficie de 90,00 m2.

SEGUNDO.- Dar conta da presente resolución na vindeira Xunta de Goberno Local.

4.B.2.2) DAR CONTA DE RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA REFERENTE A SOLICITUDE DE JOSE ANTONIO CORDEIRO OTERO S/AUTORIZACIÓN DE LICENZA DE OBRA MENOR.

Dase conta de Resolución da Alcaldía de data 23.8.13, referente a concesión de autorización a Jose Antonio Cordeiro Otero, para a realización de obra menor, que é como segue:

"RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Con base nas atribucións que teño conferidas, e de conformidade coa vixente lexislación.

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Avocar a competencia delegada na Xunta de Goberno Local, envirtude de resolución da Alcaldía de data 16 de xuño do 2011, en materia de outorgamento das licenzas, para os únicos efectos de conceder a licenza que a continuación se detalla, de conformidade coas condicións que se indican de seguido:

EXPEDIENTE NÚM. 24.523.- A José Antonio Cordeiro Otero, con enderezo en Estrada á Fonte, 5B-Espiñeira-Aldán, prolongar unha terraza descuberta en 6,68 m2., de conformidade coa documentación presentada."

4.C) APERTURAS DE ESTABLECEMENTOS.

EXPEDIENTE N° 1.635. CAMBIO DE TITULARIDADE DE LICENZA MUNICIPAL DE APERTURA DE ESTABLECEMENTO PETICIONADA POR PABLO BEA PAZOS.

A Xunta de Goberno Local acordou deixar sobre a mesa, pendente de mellor estudo o cambio de titularidade de licenza de apertura de establecemento sito en Real 58 baixo, que ata a data resentada INICIATIVAS GALIARES S.L., dedicado a cafetería e que a apartir desta data pasa a Pablo Bea Pazos, con enderezo no referido lugar.

5º.- EXPEDIENTES DE DISCIPLINA URBANÍSTICA.

5.A) PROPOSTA DA ALCALDÍA S/ EXPEDIENTE DE INFRACCIÓN URBANÍSTICA Nº 2/2013.

Dase conta de proposta da Alcaldía de data 19.8.13 referente ó expediente de infracción urbanística nº 2/2013, que é como segue:

"EXPEDIENTE Nº 2/2013.

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

Resultando que no lugar do FreixoCoiro, polos responsables que se indican nesta resolución iniciouse a execución de obras sen a preceptiva licenza municipal consistentes en: instalación dunha caseta de madeira de 18,00 m²., de superficie e 2,20 m. de altura, sobre soleira de formigón, arrimada a lindeiros.

Resultando que con data 8 de xullo do 2013 a Xunta de Goberno Local, concede licencia nº 23524 para legalizalas referidas obras.

Resultando que segundo consta no expediente, son persoas presuntamente responsables dos feitos sinalados Rosario Alonso Gómez, promotor.

Considerando que os feitos anteriormente expostos poden ser constitutivos dunha infracción urbanística segundo determina o artigo 216 da Lei 9/02, de 30 de decembro de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, en relación co artigo 1 do Decreto 28/1999, de 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de Disciplina Urbanística, que pode tipificarse en principio como leve segundo sinala o artigo 217.4 da mesma norma.

Considerando que inicialmente non se pode apreciar a tenor do indicado no artigo 220.2 da Lei 9/02 e artigos 96 e 97 do Decreto 28/1999, de 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de Disciplina Urbanística, circunstancias agravantes.

Considerando sen prexuízo do resultado definitivo da instrucción do expediente, que ós feitos descritos lles pode corresponder a sanción de multa entre 300 e 6.000. euros, de acordo co establecido no art. 220.1.a) da referida Lei 9/02, indicándolle ó infractor que se fai efectiva a sanción no prazo de 15 días desde a súa notificación reduciráselle a mesma nun 30%.

Visto o establecido nos artigos 216 ó 223 da Lei 9/02; no Regulamento de Disciplina, así como na Lei 30/92, de 26 de novembro do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común; e no Regulamento de procedemento para o exercicio da potestade sancionadora aprobado por R.D. 1398/93, de 4 de agosto, e de acordo coas atribucións que teño legalmente conferidas polo artigo 228 da Lei 9/02, o artigo 10 do R.D. 1398/93 e o artigo 21 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora de Bases de Réxime Local.

ILMO. CONCELLO DE CANGAS
(Pontevedra)

Visto o Decreto da Alcaldía de data 16 de xufío de 2011 polo que se delega na Xunta de Goberno Local a tramitación dos expedientes sancionadores en materia de disciplina urbanística, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Iniciar procedemento sancionador por infracción urbanística polos feitos mencionados dos que presuntamente son responsables as persoas indicadas nos antecedentes desta resolución.

SEGUNDO. Nomear instructor e secretario do expediente a D. Rafael Soliño Costas e á secretaria do concello Da Berta Alonso Soto, respectivamente, que poderán absterse de intervir no procedemento, ou ser recusados polos interesados polas causas e na forma que determinan os artigos 28 e 29 da Lei 30/92.

TERCEIRO. O órgano competente para a resolución do presente procedemento sancionador, é a Xunta de Goberno Local por delegación da Alcaldía, de acordo co establecido no artigo 228 da Lei 9/02, 10 do R.D. 1398/93 e artigo 21.1.k) da Lei 7/85 e Decreto de delegación de data 16 de xuño de 2011.

CUARTO. Indicar ós interesados o dereito que lles concede o artigo 8 do R.D. 1398/93 de recoñecela súa responsabilidade. advertíndolle que de efectuar por se mesmo a legalización das obras antes da resolución do presente expediente reducirase a contía da sanción nun 80%.

QUINTO. Indicar ós interesados o dereito que teñen a formular alegacións e achegalos documentos que estimen pertinentes, antes do trámite de audiencia, así como a coñecer en todo momento o estado de trámite do procedemento.

SEXTO. Conceder ós interesados un prazo de QUINCE DIAS a contar desde o seguinte ó da notificación da presente resolución, para que achegue cantas alegacións, documentos e informacións que estime convenientes, e no seu caso, propoñan probas concretando os medios de que pretende valerse.

SÉTIMO. Comunicar o acordo ó instructor e secretario con traslado das actuacións que existan ó respecto, debendo notificar ós interesados, advertindo a estes últimos de que, en caso de que non efectúen alegacións sobre o contido da iniciación do procedemento no prazo de quince días indicado, a presente resolución poderá ser considerada como PROPOSTA DE RESOLUCIÓN, cos efectos previstos nos artigos 18 e 19 do R.D. 1398/93.

OITAVO. Advertir ós interesados que a incoación do presente expediente é inscribible no Rexistro da Propiedade.

NOVENO. Notifíquese o Acordo ós interesados, facendo constar que non pon fin á vía administrativa, e que por tratarse dun mero trámite, contra a mesma non cabe recurso, sen prexuízo de que poida interpoñer o que estime máis conveniente."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda aprobar integramente a proposta da Alcaldía transcrita anteriormente, referente a expediente sancionador por infracción urbanística nº 2/2013.

5.B) PROPOSTA DA ALCALDÍA S/EXPEDIENTE DE INFRACCIÓN URBANÍSTICA Nº 46/2012.

Dase conta de proposta da Alcaldía de data 19.8.13 referente ó expediente de infracción urbanística nº 46/2012, que é como segue:

"EXPEDIENTE Nº 46/2012.

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

Resultando que no lugar do XistroCoiro, polos responsables que se indican nesta resolución iniciouse a execución de obras sen a preceptiva licenza municipal consistentes en: Realizar unha caseta para garaxe de 30,00 m2., en bloques de formigón e cuberta de uralita sobre viguetas de formigón.

Resultando que con data 8 de xullo do 2013 a Xunta de Goberno Local, concede licencia nº 23519 para legalizalas referidas obras.

Resultando que segundo consta no expediente, son persoas presuntamente responsables dos feitos sinalados Josefa Bernárdez Ríos, promotor.

Considerando que os feitos anteriormente expostos poden ser constitutivos dunha infracción urbanística segundo determina o artigo 216 da Lei 9/02, de 30 de decembro de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, en relación co artigo 1 do Decreto 28/1999, de 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de Disciplina Urbanística, que pode tipificarse en principio como leve segundo sinala o artigo 217.4 da mesma norma.

Considerando que inicialmente non se pode apreciar a tenor do indicado no artigo 220.2 da Lei 9/02 e artigos 96 e 97 do Decreto 28/1999, de 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de Disciplina Urbanística, circunstancias agravantes.

Considerando sen prexuízo do resultado definitivo da instrucción do expediente, que ós feitos descritos lles pode corresponder a sanción de multa entre 300 e 6.000.euros. de acordo co establecido no art. 220.1.a) da referida Lei 9/02, indicándolle ó

ILMO. CONCELLO DE CANGAS
(Pontevedra)

infractor que se fai efectiva a sanción no prazo de 15 días desde a súa notificación reduciráselle a mesma nun 30%.

Visto o establecido nos artigos 216 ó 223 da Lei 9/02; no Regulamento de Disciplina, así como na Lei 30/92, de 26 de novembro do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común; e no Regulamento de procedemento para o exercicio da potestade sancionadora aprobado por R.D. 1398/93, de 4 de agosto, e de acordo coas atribucións que teño legalmente conferidas polo artigo 228 da Lei 9/02, o artigo 10 do R.D. 1398/93 e o artigo 21 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora de Bases de Réxime Local.

Visto o Decreto da Alcaldía de data 16 de xuño de 2011 polo que se delega na Xunta de Goberno Local a tramitación dos expedientes sancionadores en materia de disciplina urbanística, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Iniciar procedemento sancionador por infracción urbanística polos feitos mencionados dos que presuntamente son responsables as persoas indicadas nos antecedentes desta resolución.

SEGUNDO. Nomear instructor e secretario do expediente a D. Rafael Soliño Costas e á secretaria do concello Da Berta Alonso Soto, respectivamente, que poderán absterse de intervir no procedemento, ou ser recusados polos interesados polas causas e na forma que determinan os artigos 28 e 29 da Lei 30/92.

TERCEIRO. O órgano competente para a resolución do presente procedemento sancionador, é a Xunta de Goberno Local por delegación da Alcaldía, de acordo co establecido no artigo 228 da Lei 9/02, 10 do R.D. 1398/93 e artigo 21.1.k) da Lei 7/85 e Decreto de delegación de data 16 de xuño de 2011.

CUARTO. Indicar ós interesados o dereito que lles concede o artigo 8 do R.D. 1398/93 de recoñecela súa responsabilidade. advertíndolle que de efectuar por se mesmo a legalización das obras antes da resolución do presente expediente reducirase a contía da sanción nun 80%.

QUINTO. Indicar ós interesados o dereito que teñen a formular alegacións e achegalos documentos que estimen pertinentes, antes do trámite de audiencia, así como a coñecer en todo momento o estado de trámite do procedemento.

SEXTO. Conceder ós interesados un prazo de QUINCE DIAS a contar desde o seguinte ó da notificación da presente resolución, para que achegue cantas alegacións, documentos e informacións que estime convenientes, e no seu caso, propoñan probas concretando os medios de que pretende valerse.

SÉTIMO. Comunicar o acordo ó instructor e secretario con traslado das actuacións que existan ó respecto, debendo notificar ós interesados, advertindo a estes últimos de que, en caso de que non efectúen alegacións sobre o contido da iniciación do procedemento no prazo de quince días indicado, a presente resolución poderá ser considerada como PROPOSTA DE RESOLUCIÓN, cos efectos previstos nos artigos 18 e 19 do R.D. 1398/93.

OITAVO. Advertir ós interesados que a incoación do presente expediente é inscribible no Rexistro da Propiedade.

NOVENO. Notifíquese o Acordo ós interesados, facendo constar que non pon fin á vía administrativa, e que por tratarse dun mero trámite, contra a mesma non cabe recurso, sen prexuízo de que poida interponer o que estime máis conveniente."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda aprobar integramente a proposta da Alcaldía transcrita anteriormente, referente a expediente sancionador por infracción urbanística nº 46/2012.

5.C) PROPOSTA DO INSTRUCTOR S/EXPEDIENTE DE INFRACCIÓN URBANÍSTICA Nº 76/2007.

Dase conta de proposta do instructor de data 23.8.13 referente ó expediente de infracción urbanística nº 76/2006, que é como segue:

"EXPEDIENTE SANCIONADOR POR INFRACCIÓN URBANÍSTICA Nº 76/2006.

PROPOSTA DE SANCIÓN PARA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL.

Visto o expediente de referencia iniciado por acordo da Xunta de Goberno Local de data 3 de xuño do 2013, resulta que:

PRIMEIRO. Por parte de Milagros Gómez Rivela, e segundo consta no expediente anterior de restauración da legalidade urbanística, efectuáronse no lugar de NergaO Hío, obras consistentes en instalación dunha casa de madeira sendo a construción de carácter ilegalizable.

SEGUNDO. Dentro do prazo outorgado neste expediente sancionador para formular alegación ou para aportar documentos e informacións, o interesado presenta escrito de alegacións con data 24 de xullo do 2013 rexistro de entrada 9093 alegando que os feitos denunciados son constitutivos dunha infracción leve e, polo tanto, a capacidade da administración para a incoación do expediente sancionador esta prescrita.

ILMO. CONCELLO DE CANGAS
(Pontevedra)

O informe do arquitecto municipal de data 22 de agosto do 2013 indica que as obras obxecto do presente expediente están tipificadas como GRAVES.

O informe da Xefa de Servicio de Urbanismo de data 23 de agosto do 2013 propon desestimalas alegacións presentadas en aplicación o disposto no artigo 9 do RD 1398/1993, de 4 de agosto polo que se aproba o Regulamento para o exercicio de potestade sancionadora, aplicándose á sanción a redución do 80 por cento ó concurrir un atenuante por restaurala legalidade urbanística.

TERCEIRO. Que se ten que declarar probado sen necesidade de práctica de proba a existencia de obras, o que constitúe unha infracción urbanística tipificada no artigo 216 da Lei 9/02, de 30 de decembro, do solo de Galicia, podendo clasificarse como grave, segundo o determina o artigo 217.3 da mesma norma citada.

CUARTO. Que Milagros Gómez Rívela, na súa calidade de promotor é responsable directo da referida infracción.

QUINTO. Que de acordo co establecido nos artigos 220 da Lei 9/02, e 55 do Regulamento de Disciplina Urbanística a entidade da infracción cometida, en canto á gravidade da materia se refire, é o suficientemente importante para gradual a sanción a imponer na súa contía 1200 euros.

SEXTO. Que de conformidade co sinalado no art. 19.2 do R.D. 1398/93, de 4 de agosto, polo que se aproba o Regulamento do Procedemento para o Exercicio da Potestade Sancionadora, cabe prescindir do trámite de audiencia sinalado no apartado 1 do artigo citado.

Visto o Decreto da Alcaldía de data 16 de xuño de 2011 polo que se delega na Xunta de Goberno Local a tramitación dos expedientes sancionadores en materia de disciplina urbanística, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

1º.- Desestimalas alegacións presentadas polo exposto no corpo deste escrito e visto o informe do arquitecto de data 22 de agosto do 2013 o cal indica que as obras obxecto do presente expediente están tipificadas como GRAVES.

2º.- Impoñer a Milagros Gómez Rívela, na súa calidade de promotor unha sanción, tendo en conta o atenuante no expediente, de 1200 euros, por infracción ó ter cometido obras no lugar de NergaO Hio, consistentes en instalación dunha casa de madeira.

O que se lle notifica, significándolle que dispoñen do prazo de 15 días dentro do cal poderán formular as alegacións e presentar os documentos e informacións que estimen pertinentes, a tales efectos, ponse de manifestó o expediente para que poidan examinalo e, de selo caso, obtelas copias dos documentos que constan no mesmo durante o expresado prazo, de conformidade co disposto no artigo 19 do Regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

Una vez concluído o devandito prazo, a proposta de resolución será elevara ó organo competente para resolver o procedemento, xunto cos documentos, alegacións e informacións que consten no mesmo.

De conformidade coa disposición adicional 5 da Lei 9/02, do 30 de decembro, advírtese ó interesado que a presente multa reducirase na súa contía nun 30 por cento se é pagada no prazo de quince días a partir da notificación da multa e o infractor amosa por escrito a súa conformidade con esta e renuncia expresamente ó exercicio de toda acción de impugnación no referido prazo."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda aprobar integramente a proposta do instructor transcrita anteriormente, referente a expediente sancionador por infracción urbanística nº 76/2006.

5.D) PROPOSTA DA ALCALDÍA S/EXPEDIENTE DE INFRACCIÓN URBANÍSTICA Nº 29/2012.

Dase conta de proposta da Alcaldía de data 13.8.13 referente ó expediente de infracción urbanística nº 29/2012, que é como segue:

"EXPEDIENTE Nº 29/2012

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

Resultando que no lugar de San CibránAldán, polos responsables que se indican nesta resolución iniciouse a execución de obras sen a preceptiva licenza municipal consistentes en: realizar un pozo.

Resultando que requeríndose por esta Administración Municipal ó promotor para que solicitase a oportuna licenza, esta non foi presentada.

Resultando que segundo consta no expediente, son persoas presuntamente responsables dos feitos sinalados Xurxo Xoán González Conde, promotor.

Considerando que os feitos anteriormente expostos poden ser constitutivos dunha infracción urbanística segundo determina o artigo 216 da Lei 9/02, de 30 de decembro de

ILMO. CONCELLO DE CANGAS
(Pontevedra)

ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, en relación co artigo 1 do Decreto 28/1999, de 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de Disciplina Urbanística, que pode tipificarse en principio como leve segundo sinala o artigo 217.4 da mesma norma.

Considerando que inicialmente non se pode apreciar a tenor do indicado no artigo 220.2 da Lei 9/02 e artigos 96 e 97 do Decreto 28/1999, de 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de Disciplina Urbanística, circunstancias agravantes.

Considerando sen prexuízo do resultado definitivo da instrucción do expediente, que ós feitos descritos lles pode corresponder a sanción de multa entre 300 e 6.000 euros, de acordo co establecido no art. 220.1.a) da referida Lei 9/02, indicándolle ó infractor que se fai efectiva a sanción no prazo de 15 días desde a súa notificación reduciráselle a mesma nun 30%.

Visto o establecido nos artigos 216 ó 223 da Lei 9/02; no Regulamento de Disciplina, así como na Lei 30/92, de 26 de novembro do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común; e no Regulamento de procedemento para o exercicio da potestade sancionadora aprobado por R.D. 1398/93, de 4 de agosto, e de acordo coas atribucións que teño legalmente conferidas polo artigo 228 da Lei 9/02, o artigo 10 do R.D. 1398/93 e o artigo 21 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora de Bases de Réxime Local.

Visto o Decreto da Alcaldía de data 16 de xuño de 2011 polo que se delega na Xunta de Goberno Local a tramitación dos expedientes sancionadores en materia de disciplina urbanística, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Iniciar procedemento sancionador por infracción urbanística polos feitos mencionados dos que presuntamente son responsables as persoas indicadas nos antecedentes desta resolución.

SEGUNDO. Nomear instructor e secretario do expediente a D. Rafael Soliño Costas e á secretaria do concello Da Berta Alonso Soto, respectivamente, que poderán absterse de intervir no procedemento, ou ser recusados polos interesados polas causas e na forma que determinan os artigos 28 e 29 da Lei 30/92.

TERCEIRO. O órgano competente para a resolución do presente procedemento sancionador, é a Xunta de Goberno Local por delegación da Alcaldía, de acordo co

establecido no artigo 228 da Lei 9/02, 10 do R.D. 1398/93 e artigo 21.1.k) da Lei 7/85 e Decreto de delegación de data 16 de xuño de 2011.

CUARTO. Indicar ós interesados o dereito que lles concede o artigo 8 do R.D. 1398/93 de recoñecela súa responsabilidade, advertíndolle que de efectuar por se mesmo a legalización das obras antes da resolución do presente expediente reducirase a contía da sanción nun 80%.

QUINTO. Indicar ós interesados o dereito que teñen a formular alegacións e achegalos documentos que estimen pertinentes, antes do trámite de audiencia, así como a coñecer en todo momento o estado de trámite do procedemento.

SEXTO. Conceder ós interesados un prazo de QUINCE DIAS a contar desde o seguinte ó da notificación da presente resolución, para que achegue cantas alegacións, documentos e informacións que estime convenientes, e no seu caso, propoñan probas concretando os medios de que pretende valerse.

SÉTIMO. Comunicar o acordo ó instructor e secretario con traslado das actuacións que existan ó respecto, debendo notificar ós interesados, advertindo a estes últimos de que, en caso de que non efectúen alegacións sobre o contido da iniciación do procedemento no prazo de quince días indicado, a presente resolución poderá ser considerada como PROPOSTA DE RESOLUCIÓN, cos efectos previstos nos artigos 18 e 19 do R.D. 1398/93.

OITAVO. Advertir ós interesados que a incoación do presente expediente é inscribible no Rexistro da Propiedade.

NOVENO. Notifíquese o Acordo ós interesados, facendo constar que non pon fin á vía administrativa, e que por tratarse dun mero trámite, contra a mesma non cabe recurso, sen prexuízo de que poida interpoñer o que estime máis conveniente."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda aprobar integramente a proposta da Alcaldía transcrita anteriormente, referente a expediente sancionador por infracción urbanística nº 29/2012.

SANIDADE,SERVIZOS SOCIAIS E MULLER

6º.- PROPOSTA DO XEFE DE SERVIZO DO CENTRO MUNICIPAL DE BENESTAR SOCIAL S/RESOLUCIÓN DE ALTAS E BAIXAS DO SERVIZO MUNICIPAL DE AXUDA NO FOGAR.

Examinada a proposta do xefe de servizo do Centro Municipal de Benestar Social, de data 29.8.13, relativa as altas e baixas do Servizo Municipal de Axuda no Fogar, que di:

"En relación ó Servizo Municipal de Axuda no Fogar (SAF), achéganse os informes correspondentes para:

ILMO. CONCELLO DE CANGAS
(Pontevedra)

Concesión de alta a Camilo Rodríguez Soage, pola quenda de dependencia, con expediente nº 36008/01/000282."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, aprobar integramente a proposta transcrita.

7º.- DAR CONTA DA ADHESIÓN DO CONCELLO DE CANGAS Ó CONVENIO PARA A REALIZACIÓN DE PROGRAMAS DE PROTECCIÓN DA SAÚDE.

Visto o documento de convenio de colaboración de data 8.8.13 entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a Consellería de Sanidade, o Servizo Galego de Saúde, e a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP), para a realización de programas de atención e protección da saúde.

Vista, así mesmo, a resolución da Alcaldía de data 22 de agosto do 2013, referente a adhesión ó convenio para a realización de programas de atención e protección da saúde-2012, que é como segue:

"RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

D. José Enrique Sotelo Villar, alcalde-presidente do Concello de Cangas, en virtude das atribucións de representación que me outorga o artigo 21.1 b) da Lei 7/1985, reguladora das Bases do Réxime Local, por medio do presente escrito, DISPOÑO:

Primeiro. A adhesión do CONCELLO DE CANGAS ó convenio de colaboración subscrito o 8 de agosto de 2013 entre a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a Consellería de Sanidade, o Servizo Galego de Saúde, e a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP), para a realización de programas de atención e protección da saúde, pola que se acepta a axuda e/ou subvención concedida, así como, tódalas condicións fixadas no mencionado convenio para a percepción e pagamento desta, en especial as contidas nas súas cláusulas quinta e décimo segunda."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda aprobar integramente a resolución transcrita da Alcaldía, referente a adhesión ó convenio para a realización de programas de atención e protección da saúde-2013.

SUBVENCIONES

8º.- DAR CONTA DE AXUDAS CONCEDIDAS POLA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA CON CARGO Ó PAM ACTIVIDADES-2013.

Dase conta do escrito de data 28.08.13, do departamento de Subvencions, que di:

"DAR CONTA DAS AXUDAS CONCEDIDAS POLA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA, CON CARGO Ó PAM-SECCIÓN ACTIVIDADES 2013.

A Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Pontevedra, na sesión do día 9 de agosto do 2012, acordou concederlle ó Concello de Cangas, con cargo ó Plan de Acción Municipal- sección actividades 2013, as seguintes axudas e actividades:

Denominación actividade	Importe/euros
Salón do cómic	1.000,00
Festas populares	1.000,00
Verán cultural	1.000,00
Semana Santa programa cultural	1.000,00
Nadal programa cultural	1.500,00
Intervención socioeducativa na aula	750,00
Cineensino	1.000,00
Intervención en zonas de ocio	750,00
Escola de pais e nais	1.000,00
Xornadas de educación para a saúde	500,00
Xornadas interculturais	1.000,00
Programa reforzo educativo pais	1.000,00
Aula de estimulación nen@s con dificultades	8.500,00

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda quedar enterada do presente escrito.

9º.- DAR CONTA DE SUBVENCIÓN CONCEDIDA POLA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA A REALIZACIÓN DO PROXECTO DE REPOSICIÓN DE SERVIZOS E PAVIMENTACIÓN DE RÚA RETRAMA E RÚA NOVA.

ILMO. CONCELLO DE CANGAS
(Pontevedra)

Dase conta do escrito da Deputación Provincial de Potevedra, de data 21.08.13, no que se comunica a concesión ó Concello de Cangas dunha subvención para "a realización do proxecto de reposición de servizos e pavimentación da rúa Retrama e a rúa Nova", por importe de 211.499,15 €, incluído no plan de investimentos e gastos correntes da Deputación 2012- Concesión directa.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda quedar enterada do presente escrito.

10º.- DAR CONTA DE RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA S/SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA DE INVESTIMENTOS, CON CARGO Ó PLAN DE OBRAS E SERVIZOS PROVINCIAIS-2013.

Dase conta da Resolución da Alcaldía de data 29.08.13, relativa á solitude de subvención á Deputación Provincial de Pontevedra de investimentos, con cargo ó Plan e Servizos provinciais que di:

"RESOLUCIÓN

SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA DE INVESTIMENTOS, CON CARGO Ó PLAN DE OBRAS E SERVIZOS PROVINCIAIS2013.

Publicadas as bases reguladoras do Plan de obras e servizos provincias do 2013 da Deputación Provincial de Pontevedra no BOP nº 155 de data do 14 de agosto do 2013.

Visto o escrito remitido pola Deputación de Pontevedra de aprobación do Plan de obras e servizos provincias de 2013 polo que se comunica que a este Concello lle corresponde a cantidade de 187.957,96 euros.

Vistas as necesidades a oficina de Urbanismo do Concello de Cangas redacta os seguintes proxectos:

Proxecto de pavimentación de viais Espiñeira e rúa Areacova	137.767,18
Proxecto de pavimentación rúa da Fontaíña Aldán Cangas	23.112,77
Acondicionamento do entorno do Cruceiro Novo, Fontaíña Aldán	7.078,00

Adquisición pavimento vinílico deportivo pista Pavillón Gatafial	20.000,00
--	-----------

e na súa elaboración participaron, Alfonso Lage Pérez e Antonio Fernández Fandiño.

E con base nas atribución que teño conferidas pola lexislación vixente, RESOLVO:

Primeiro. Aprobar os seguintes proxectos e polos importes que se indican:

Denominación proxecto	Importe euros.
Proxecto de pavimentación de viais Espiñeira e rúa Areacova	137.767,18
Proxecto de pavimentación rúa da FontaiñaAldánCangas	23.112,77
Acondicionamento do entorno do Cruceiro Novo, FontaiñaAldán	7.078,00
Adquisición pavimento vinílico deportivo pista Pavillón Gatañal	20.000,00

Segundo. Solicitar á Deputación Provincial de Pontevedra axuda con cargo ao Plan de obras e servizos provinciais 2013 para a realización dos proxectos aprobados.

Terceiro. Declarar que para os investimentos que solicita axuda, non se solicitou ningunha outra axuda ou subvención de entidade pública ou privada.

Cuarto. Dar conta desta Resolución na próxima Xunta Local de Goberno que se celebre."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda quedar enterada da presente resolución.

EMPREGO, INDUSTRIA, COMERCIO, CONSUMO E TURISMO

11º.- PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE EMPREGO, INDUSTRIA, COMERCIO, CONSUMO E TURISMO S/ASIGNACIÓN DE POSTOS TRALA REFORMA DA PRAZA DE ABASTOS MUNICIPAL.

Dáse conta da Proposta de data 28.08.13 da Concelleira de Emprego, Industria, Comercio Consumo e Turismo, relativa a asignación de postos, trala reforma da Praza de Abastos Municipal, que é como segue:

ILMO. CONCELLO DE CANGAS
(Pontevedra)

"PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE EMPREGO, INDUSTRIA, COMERCIO, CONSUMO E TURISMO PARA A ASIGNACIÓN DE POSTOS, TRALA REFORMA DA PRAZA DE ABASTOS.

En atención á solicitude formulada polas concesionarias de postos de froita do Mercado Municipal de Abastos de Cangas para o seu traslado a planta baixa, o Concello asumíu a xestión do traslado dos postos de peixe da planta baixa sinalados como destino para os postos de froita (postos de peixe numerados entre o nº 41 e o nº 53, ambos incluídos).

Pola súa banda, as concesionarias dos postos de froita asumiron os custos derivados das reformas necesarias para adaptar os postos de peixe da planta baixa ao seu novo uso como postos de froita, de xeito que ao remate da reforma nese espazo haxa catro postos de froita numerados do 1 ao 4.

Visto que da redistribución do espazo na planta baixa do Mercado Municipal de Abastos resultan estes catro postos de froita, compre levar a cabo a asignación de cada un deles aos concesionarios dos postos de froita trasladados dende o primeiro andar.

Tendo en conta isto, propono a Xunta de goberno Local a adopción do seguinte

ACORDO:

Aprobar a asignación dos catro postos de froita resultantes trala reforma de acordo co seguinte esquema:

Nº de posto no primeiro andar 2005	Titular do posto	Nº de posto na planta baixa 2013
21, 22, 23, 24, 25, 26	M ^a ROSA PAZOS MIRANDA	1
29,30	MERCEDES GARCÍA NÚÑEZ	2
33, 34	RAMONA MARTÍNEZ ÑORES	3
27, 28	LOURDES CALVAR SANTOS	4

TERCEIRO: Dar traslado do presente acordo xunto cos recursos procedentes ás persoas interesadas, advertíndolle que este acordo é executivo dende o momento da súa

adopción, polo que aqueles concesionarios que resulten afectados polos traslados motivados pola reforma, que non os fixeran efectivos con anterioridade en virtude de acordos previos de traslado, deberán proceder aos mesmos, aplicándose en caso contrario e de non mediar causa que o xustifique, o réxime sancionador previsto regulamentariamente."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda aprobar integramente a Proposta da Concelleira de Emprego, Industria, Comercio Consumo e Turismo transcrita anteriormente.

12º.- PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE EMPREGO, INDUSTRIA, COMERCIO, CONSUMO E TURISMO S/RENUMERACIÓN DE POSTOS TRALA REFORMA DA PRAZA DE ABASTOS MUNICIPAL.

Dáse conta da Proposta de data 28.08.13 da Concelleira de Emprego, Industria, Comercio Consumo e Turismo, relativa á renumeración de postos, trala reforma da Praza de Abastos Municipal, que é como segue:

"PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE EMPREGO, INDUSTRIA, COMERCIO, CONSUMO E TURISMO PARA A RENUMERACIÓN DE POSTOS TRALA REFORMA DA PRAZA DE ABASTOS.

En atención á solicitude formulada polas concesionarias de postos de froita do Mercado Municipal de Abastos de Cangas para o seu traslado a planta baixa, o Concello asumíu a obriga de trasladar de lugar previamente de posto ás concesionarias de postos de peixe que aínda ocupaban os postos entre os nº 41 e 53 (ambos incluídos) de venda de peixe a fin de poder acometer as reformas necesarias para a súa adaptación ao seu novo destino como postos de venda de froita en base ao disposto no artigo 29 do regulamento do Mercado Municipal de Abastos de Cangas (BOP nº 156, do 16/08/2013).

Visto que a numeración dos postos de peixe actual vai do nº 1 e ata o nº 71, e que os postos de peixe citados (nº 41 a 53) desaparecen da numeración ao converterse o espazo que ocupaban en postos de froita compre acometer tamén, en evitación de problemas de xestión dos postos, unha nova numeración correlativa e carente de baleiros coincidente co número de postos de peixe existentes trala reforma.

Visto o que antecede propoño a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Anular por mor das reformas no Mercado Municipal de Abastos os postos de venda de peixe correspondentes aos nº 41 ao 53 segundo a distribución do ano 2005, ambos incluídos, que trala reforma se converterán en postos de venda de froita. De tal xeito que a partir da adopción do presente acordo os postos de venda de peixe pasan de ser 71 a un total de 58.

SEGUNDO.- Aprobar a nova distribución dos 58 postos de peixe e os traslados resultantes trala reforma de acordo co seguinte esquema:

ILMO. CONCELLO DE CANGAS
(Pontevedra)

Nº de posto 2005	Titular do posto	Nº de posto 2013
1	BASILIA GERMADE CHAPELA	1
2	CARMEN PORTELA RODRÍGUEZ	2
3	LUIS LORENZO SOLIÑO	3
4	JOAQUINA GARCÍA REFOJOS	4
5	JORGE PARDAVILA GARCÍA	5
6	INÉS ELISA FANDIÑO AVENDAÑO	6
7	JOSEFA SANTIAGO GÓMEZ	7
8	LIDIA GARCÍA LEMOS	8
9	JOSEFA HERBELLO BASTÓN	9
10	ANA MARÍA SOTELO GONZÁLEZ	10
11	MODESTA GONZÁLEZ PARCERO	11
12	Mª AGUSTINA SOTO FUENTES	12
13	Mª ISABEL MARTÍNEZ BERNÁRDEZ	13
14	Mª PILAR GRAÑA ACUÑA	14
15	DIEGO PAZÓ GRAÑA	15
16	Mª DEL CARMEN GONZÁLEZ DIOS	16

17	ALMUDENA GONZÁLEZ PAZÓ	17
18	JOSEFA MARTÍNEZ FERNÁNDEZ	18
19	SILVIA POUSADA SANTOS	19
20	Mª TERESA POUSADA SANTOS	20
21	MANUELA PARDAVILA ALONSO	21
22	MARÍA FONTÁN BROULLÓN	22
23	VACANTE	23
24	ANA Mª GONZÁLEZ MEIRA	24
25	Mª DE LOS ÁNGELES GONZÁLEZ MEIRA	25
26	LUCÍA RODRÍGUEZ GONZÁLEZ	26
27	MERCEDES GONZÁLEZ GARCÍA	27
28	MILAGROS BASTÓN PÉREZ	28
29	Mª AMELIA IGLESIAS MARIÑO	29
30	Mª DEL CARMEN POLA BONET	30
31	Mª TERESA FONTÁN IGLESIAS	31
32	MARÍA ALONSO GONZÁLEZ	32
33	MONSERRAT CERQUEIRA ÁLVAREZ	33
34	NICOLE CASAL ÁLVAREZ	34
35	JOSEFA VENTOSINOS PIÑEIRO	35
36	Mª LOURDES LEMOS BERMÚDEZ	36
37	BEATRIZ OTERO RODAL	37

ILMO. CONCELLO DE CANGAS
(Pontevedra)

38	ANTONIO COVELO RODRÍGUEZ	38
39	JOSEFA GONZÁLEZ ALONSO	39
40	DOLORES PIÑEIRO RODAL	40
41	Anulado	anulado
42	Anulado	anulado
43	Anulado	anulado
44	Anulado	anulado
45	Anulado	anulado
46	Anulado	anulado
47	Anulado	anulado
48	Anulado	anulado
19	Anulado	anulado
50	Anulado	anulado
51	Anulado	anulado
52	Anulado	anulado
53	Anulado	anulado
54	MILAGROS GUTIÉRREZ GREGORIO	58
55	ALBERTO LAGOA CABRAL	57
56	Mª ISABEL MARTÍNEZ GONZÁLEZ	56
57	CARMEN FERRARI GONZÁLEZ	55
58	Mª CARMEN SÁNCHEZ	54

	LORENZO	
59	LIDIA GRAÑA GRAÑA	53
60	CARMEN GRANA GIL	52
61	Mª ISABEL LAGOA CABRAL	51
62	RAMONA LAGOA CABRAL	50
63	REBECA HERNÁNDEZ	41
64	JOSEFA DIAZ SOTELO	42
65	CAROLINA CHAPELA BERNÁNDEZ	43
66	LUISA SOLIÑO VILLAR	44
67	Mª ÁNGELES FERNÁNDEZ COSTAS	45
68	VACANTE	46
69	VACANTE	47
70	VACANTE	48
71	CARMEN CECILIA GRAÑA GRAÑA	49

TERCEIRO.- Dar traslado do presente acordo xunto aos recursos procedentes ás persoas interesadas advertíndolle que este acordo é executivo dende o momento da súa adopción polo que aqueles concesionarios que resulten afectados polos traslados motivados pola reforma que non os fixeran efectivos con anterioridade en virtude de acordos previos de traslado deberán proceder aos mesmos aplicándose en caso contrario e de non mediar causa que o xustifique o réxime sancionador previsto regulamentariamente."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda aprobar integramente a proposta transcrita anteriormente.

SEGURIDADE, TRÁFICO, POLICÍA LOCAL E PROTECCIÓN CIVIL

13º.- SOLICITUDES VARIAS DE SINALIZACIÓN.

A) SOLICITUDES DE BAIXA DE SINAIS DE PASAXE PERMANENTE.

Examinada a solicitude presentada en data 27.08.13, por Mª del Carmen Fernández González, DNI nº 36.175.752-H, con enderezo na Devesa, nº 24-Coiro, na que solicita a rectificación do acordo da Xunta de Goberno Local de data 31.07.13, punto

ILMO. CONCELLO DE CANGAS
(Pontevedra)

8.A).2, no que se concedía a baixa do sinal de pasaxe permanente Nº 621, a nome de M^a CARMEN FERNÁNDEZ GONZÁLEZ, e que debe constar a nome de CARMEN CHAPELA MIRANDA, con DNI: 78.732472-E, co mesmo enderezo.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda:

PRIMEIRO.- Que polos servizos económicos do Concello de Cangas e polo ORAL, se comprobe se o/a interesado/a está ó corrente nos pagos da taxa que xerou a autorización da instalación de sinal de pasaxe permanente referenciada, desde que foi concedida, requisito sen o cal non se procederá a dar a baixa pertinente.

SEGUNDO.- Que por parte do/a interesado/a se proceda á devolución da placa de referencia no Departamento de Tesourería.

TERCEIRO,- Conceder a baixa solicitada, se se cumpren os requisitos expostos no presente acordo, advertíndolle que de conformidade co artigo 2.3 da "Ordenanza fiscal nº 21. Taxas pola utilización privativa ou o aproveitamento especial do solo, vo e subsolo da vía pública", se continuará pasando ó cobro a taxa correspondente.

B) SOLICITUDE DO DIRECTOR DO CEIP DO HÍO.

Examinada a solicitude do director do CEIP do Hío, presentada en data 29.07.13, en relación con diversas actuacións no camiño denominado rúa Baixada Río Esteiro, para que se poida abrir unha liña de autobuses para o referido colexio.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, de conformidade cos informes emitidos pola concelleira de Tráfico e pola Policía Local en data 1.08.13, comunicarlle que a referida rúa, non é axeitada para a circulación de autobuses, e que por parte do concello se procederá ó pintado das zonas de competencia municipal, dado que a competencia en circulación da referida vía é da Excm. Deputación Provincial de Pontevedra.

URXENCIAS:

ASUNTOS FÓRA DA ORDE DO DÍA.

Trala declaración da urxencia, por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes, (art. 83 R.d. 2568/1986, do 28 de novembro), adoptáronse os seguintes acordos:

A) AGRADECIMENTO POLA COLABORACIÓN NA CESIÓN DO P.M.A. PARA A COORDINACIÓN DA SEGURIDADE NA GALA MUSICAL.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda o seguinte:

* Amosar o seu agradecemento á AXENCIA GALEGA DE EMERXENCIAS, pola súa estimable colaboración na cesión do Posto de Mando Avanzado o pasado día 26 de setembro para coordinar os efectivos de seguridade na gala musical.

ROGOS E PREGUNTAS.

Non se formularon.

E non tendo máis asuntos de que tratar, rematou a sesión cando son as quince do mesmo día, do que eu, secretaria, dou fe.

TIPO DE LETRA

*****SACA-LA ACTA OFICIAL*****

AVISO:*os puntos 10, 11 E 12 están tamén en documento de word co nome: "ACORDOS DA XGL 2.9.13", porque teñen táboas.**

NOTIFICACIÓN: no día da data o Sr. alcalde dictou a seguinte:

"RESOLUCIÓN"

De conformidade co disposto nos artigos 112 e seguintes do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, e de acordo coas facultades recollidas no artigo 82 do R.d. 2568/1986, por remisión do artigo 113 do mesmo texto legal,

RESOLVO:

Primeiro. Convocar sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, en primeira convocatoria, e no caso da non existencia de quórum a sesión será unha hora despois en segunda convocatoria, que se realizará o día 2 de setembro do ano que andamos, ás 13,30 horas, na casa do concello.

Segundo. Fixa-la seguinte:

ORDE DO DÍA

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES REALIZADAS EN DATAS 5, 12 E 19 DE AGOSTO DO 2013.

SERVIZOS E INFRAESTRUTURAS

2º.- SOLICITUDES VARIAS DE OCUPACIÓN DE VÍA PÚBLICA.

3º.- PROPOSTA DO CONCELLEIRO DE SERVIZOS S/TRASLADO DE CABINA TELEFÓNICA EN ZONA DO PEIRAO DE CANGAS.

URBANISMO E VIVENDA

4º.- INFORME PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DE DATA 29 DE AGOSTO DO 2013, DA XEFA DE URBANISMO S/OUTORGAMENTO DE LICENZAS DE OBRAS E DE APERTURAS DE ESTABLECEMENTOS. RATIFICACIÓN DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA S/CONCESIÓN DE LICENZAS DE OBRA MENOR.

5º.- EXPEDIENTES DE DISCIPLINA URBANÍSTICA.

SANIDADE, SERVICIOS SOCIAIS E MULLER

6º.- PROPOSTA DO XEFE DE SERVIZO DO CENTRO MUNICIPAL DE BENESTAR SOCIAL S/RESOLUCIÓN DE ALTAS E BAIAS DO SERVIZO MUNICIPAL DE AXUDA NO FOGAR.

7º.- DAR CONTA DA ADHESIÓN DO CONCELLO DE CANGAS Ó CONVENIO PARA A REALIZACIÓN DE PROGRAMAS DE PROTECCIÓN DA SAÚDE.

SUBVENCIONS

8º.- DAR CONTA DE AXUDAS CONCEDIDAS POLA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA CON CARGO Ó PAM ACTIVIDADES-2013.

9º.- DAR CONTA DE SUBVENCIÓN CONCEDIDA POLA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA A REALIZACIÓN DO PROXECTO DE REPOSICIÓN DE SERVIZOS E PAVIMENTACIÓN DE RÚA RETRAMA E RÚA NOVA.

10º.- DAR CONTA DE RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA S/SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA DE INVESTIMENTOS, CON CARGO Ó PLAN DE OBRAS E SERVIZOS PROVINCIAIS-2013.

EMPREGO, INDUSTRIA, COMERCIO, CONSUMO E TURISMO

11º.- PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE EMPREGO, INDUSTRIA, COMERCIO, CONSUMO E TURISMO S/ASIGNACIÓN DE POSTOS TRALA REFORMA DA PRAZA DE ABASTOS MUNICIPAL.

12º.- PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE EMPREGO, INDUSTRIA, COMERCIO, CONSUMO E TURISMO S/RENUMERACIÓN DE POSTOS TRALA REFORMA DA PRAZA DE ABASTOS MUNICIPAL.

SEGURIDADE, TRÁFICO, POLICÍA LOCAL E PROTECCIÓN CIVIL

13°.- SOLICITUDES VARIAS DE SINALIZACIÓN.

14°.- ROGOS E PREGUNTAS.”

RECURSOS PROCEDENTES. Contra o presente acto que, pon fin á vía administrativa, poderase interpoer RECURSO POTESTATIVO DE REPOSICION, perante o mesmo órgano que o dicta no prazo de UN MES, contado a partir do día seguinte a esta notificación, ou RECURSO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO perante o **Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra**, no prazo de DOUS MESES, contados de maneira idéntica, sen prexuízo de que os interesados poidan exercer calquera outro recurso que estimen procedente.

O recurso contencioso-administrativo non se poderá interpoer ata que sexa resolto expresamente ou se produza a desestimación presunta do recurso de reposición que, no seu caso, se interpuxera.

No suposto de interposición do recurso potestativo de reposición, éste entenderase desestimado se no prazo de un mes, computado desde o día seguinte a tal interposición, o órgano competente para resolvelo non dictara e notificara resolución expresa.

Contra a desestimación presunta do recurso de reposición poderá interpoerse recurso contencioso-administrativo perante o xulgado antes mencionado no prazo de seis meses, contados a partir do día seguinte a aquel en que, de conformidade co anterior, se produza o acto presunto.

O que traslado para o seu coñecemento.

Cangas, 29 de agosto do 2013.

A SECRETARIA ACCTAL.,

Asdo.: MARÍA RODRÍGUEZ GÓMEZ

ÓRGANO MUNICIPAL CONVOCADO:	XUNTA DE GOBERNO LOCAL
CLASE DE SESIÓN:	ORDINARIA
DATA DA REUNIÓN:	2 DE SETEMBRO DO 2013
HORA DE COMEZO:	13,30 HORAS
LUGAR: CASA DO CONCELLO	DATA CONVOCATORIA: 29-08-13

DILIXENCIA DO/A NOTIFICADOR/A: para facer constar que procedín a facer entrega ós/ás Sres./as concelleiros/as e membros do concello que a continuación estampan a súa sinatura, dun exemplar da convocatoria e da orde do día para a sesión indicada.

O/A AXENTE NOTIFICADOR/A,

D. JOSE ENRIQUE SOTELO VILLAR

D^a BERTA PÉREZ HERNÁNDEZ

D. BERNARDINO FARO LAGOA

D. RAFAEL SOLIÑO COSTAS

D. PÍO MILLÁN BLANCO

D^a DOLORES GALLEGO SANTOS

D. JOSÉ LUIS GESTIDO PORTO

D^a M^a LUCÍA LEDE FERNÁNDEZ

SUPLENTES:

D. JESÚS MANUEL GRAÑA GRAÑA

D. FRANCISCO JAVIER SOLIÑO SOLIÑO

D^a M^a LUISA PRIETO RIAL

D^a BERTA ALONSO SOTO (**SECRETARIA XERAL**)

D^a M^a JESÚS PIÑEIRO BELLO (**INTERVENTORA**)

TABOLEIRO MUNICIPAL

D^a MARÍA RODRÍGUEZ GÓMEZ, SECRETARIA ACCTAL., DO ILTMO. CONCELLO DE CANGAS (PONTEVEDRA)

CERTIFICA: Que a compañía "Peter Punk" (xestionada por Culturactiva SCG), levou a cabo neste concello unha actividade de animación de rúa recollida na planificación da Rede de Dinamización Lingüística, por iniciativa da Secretaría Xeral de Política Lingüística da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria o xoves 29 de agosto de 2013 na Praza das Pontes.

A actividade contou cun público aproximado de 250 persoas.

E para que así conste aos efectos oportunos, asino o presente certificado en Cangas a trinta de agosto de dous mil trece.

V. e pr.
O ALCALDE

A SECRETARIA ACCTAL.,

Asdo.: JOSE ENRIQUE SOTELO VILLAR

CERTIFICA:

Que a Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria realizada o día dous de setembro do dous mil trece, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

"URXENCIAS:

ASUNTOS FÓRA DA ORDE DO DÍA.

Trala declaración da urxencia, por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes, (art. 83 R.d. 2568/1986, do 28 de novembro), adoptáronse os seguintes acordos:

A) AGRADECEMENTO POLA COLABORACIÓN NA CESIÓN DO P.M.A. PARA A COORDINACIÓN DA SEGURIDADE NA GALA MUSICAL.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda o seguinte:

** Amosar o seu agradecemento á AXENCIA GALEGA DE EMERXENCIAS, pola súa estimable colaboración na cesión do Posto de Mando Avanzado o pasado día 26 de setembro para coordinar os efectivos de seguridade na gala musical."*

E para que así conste e coa salvidade do disposto no artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, expido a presente de orde e co visto e praxe do Sr. alcalde-presidente, en Cangas, a tres de setembro do dous mil trece.

V. e pr.
O ALCALDE

A SECRETARIA ACCTAL.

Asdo.: JOSE ENRIQUE SOTELO VILLAR

- TENENTE DA GARDA CIVIL DE CANGAS
- CONSORCIO PROVINCIAL DE BOMBEIROS
Polígono Industrial de Castiñeiras- Nave 36
BUEU
- SUBDELEGACIÓN DO GOBERNO
Praza de España, s/n
36071- PONTEVEDRA
- SR. JUAN JOSÉ MUÑOZ
XERENTE DA AXENCIA GALEGA DE EMERXENCIAS (AXEGA)
Rúa Roma, 25/27.1º
Polígono das Fontiñas
15703- SANTIAGO DE COMPOSTELA; EXPEDIENTE